

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correio do Vento

XELA ARIAS

(Sarria 1962 - Vigo 2003)

Foi unha escritora, editora, tradutora e profesora de literatura. Estudou en Lugo, no Colexio Fingoi, e máis tarde mudouse a Vigo, cidade onde desenvolvería a súa vida persoal e profesional.

Aos 18 anos comeza a traballar en Edicións Xerais de Galicia, pasando de oficinista a editora e correctora. Compaxina este traballo con diversas colaboracións en publicacións como *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia* ou o *Faro de Vigo*. Xela foi unha muller comprometida, ecoloxista e feminista. Participa en movementos culturais como a Festa da Palabra Silenciada, revista de cultura producida por Feministas Independentes Galegas, ou en Burla Negra, contra o desastre do Prestige. Entre súas obras destacan *Darío a diario* ou *Tigres como cabalos*.

Sabías que Xela Arias foi proposta durante varios anos para ser homenaxeada co Día das Letras Galegas?

MULLERES GALEGAS

pescuda

Na vida e na obra de Xela Arias atopamos unha reivindicación constante sobre o papel da muller na sociedade, e neste eido é precisamente no que colabora na publicación da Festa da Palabra Silenciada.

Pescuda e investiga:

Que foi a Festa da Palabra Silenciada?

Cales eran os seus obxectivos?

Busca na rede os nomes de tres das súas colaboradoras.

Que terá que ver María Xosé Queizán coa Festa da Palabra Silenciada?



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Colorea esta moza
reciclando.
Pensa ben a cor
que debe levar
o colector do lixo...

MULLERES GALEGAS

colorea

GOBIERNO
DE ESPAÑAMINISTERIO
DE IGUALDAD

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

MULLERES GALEGAS recicla

*"Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres".*

Fragmento da obra "Darío a diario"

Xela Arias foi militante do movemento ecoloxista. Atopa información sobre estas mulleres que traballaron e traballan para ter un mundo mellor e máis limpo no que poidamos vivir.

Jane Goodall

Rachel Carson

Wangari Maathai

Greta Thunberg

Unha das materias principais do movemento ecoloxista é a xestión dos nosos residuos.

Todas podemos colaborar para ter un mundo mellor e máis limpo seguindo a regra dos tres R:

- Reduce os residuos que xeras, pensando se é necesario o que queres ou vas mercar.
- Reutiliza o material que xa non empregues, dándolle outro uso.
- Recicla os residuos. Recorda os contedores correspondentes: lixo, envases, papel e cartón, vidro, aceite, compostaxe...



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Sabías que no campo da tradución hai más mulleres que homes e que Emilia Pardo Bazán tamén realizou traducións?

MULLERES GALEGAS traduce

Xela Arias realizou un importante labor como tradutora, pasando traballos do inglés, francés, portugués e holandés ao galego, enriquecendo con isto a nosa cultura ao achegar ao galego novas lecturas.

Anímate a ser tradutora:

Escolle unha pequena obra nalgún idioma que coñezas e intenta traducir ao galego, ou escolle unha obra en galego e intenta traducila a outra lingua.

Sempre será máis xusto que o lector faga uso do seu dereito de saltar follas que o tradutor decida onde e cando debe facelo.

Xela Arias



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Neste encrucillado aparecen agochados diferentes termos relacionados coa vida de Xela Arias.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 1 Militou no movemento ... participando nas concentracións pola vertedura do petroleiro Prestige.
- 5 Membro do movemento ... participante na Festa da Palabra Silenciada.
- 9 Obra da que fala da maternidade e nome do seu fillo.
- 11 O seu traballo en diferentes centros de ensino.

Verticais:

- 1 En Xerais traballou como ...
- 3 Primeiro nome do xornal da cidade de Vigo onde colaborou Xela Arias.
- 6 Nome da editora na que traballou.
- 8 Lugar onde naceu.
- 9 Vila onde morreu.

11 Siglas da institución que elixe a candidatura para o Día das Letras Galegas.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE IGUALDAD



Pacto de Estado

contra la violencia de género



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	E	C	O	L	O	X	I	S	T	A	
2	D					E		A			
3	I					R		R			
4	T					A		R			R
5	O		F	E	M	I	N	I	S	T	A
6	R		A			S	A				G
7	A		R								
8			O					V			
9						D	A	R	I	O	
10									G		
11		P	R	O	F	E	S	O	R	A	

colorea:

A cor do colector do lixo
debe ser verde
xa que é a correspondente
á recollida do vidro.



Gobierno de España

MINISTERIO
DE IGUALDAD



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade